

# GERRY

Gus Van Sant, 2002

# 1723

ESTREA EN NUMAX: 18.04.2026 | V.O.S.E. | 102 min

Dous amigos que viaxan xuntos deciden abandonar a autoestrada e lanzarse á aventura; pero, cando se perden en medio do deserto, empeza para eles unha auténtica odisea na que os seus principais inimigos serán a calor e a deshidratación.

«O máis estimulante filme-ensaio que o cinema USA levaba sen ofrecer moito, moito tempo»

Sergi Sánchez, FOTOGRAMAS



## O xesto máis radical

Por Jaime Pena

Custa recordar un xesto tan radical como o perpetrado por Gus Van Sant en *Gerry* (2002). Pasaron dez anos e pode que aquel salto ao baleiro hoxe non nos pareza tal. Sabemos o que veu despois: *Elephant*, *Last Days* e *Paranoid Park*. E sabemos que *Gerry* conseguiu definir o cinema da primeira década do século XXI como moi poucas películas lograron, quizais só as primeiras realizacións de Jia Zhang-Ke, Apichatpong Weerasethakul, Albert Serra ou Lisando Alonso, *Goodbye Dragon Inn* de Tsai Ming-liang, *Shara* de Naomi Kawase, *The Brown Bunny*, de Vincent Gallo ou *Tiexi qu*, de Wang Bing. Pero para valorar este xesto é preciso saber de onde viña Gus Van Sant, que en 1997 acadara o maior éxito da súa carreira como cineasta independente c'*O indomable Will Hunting*, o que lle abriu as portas dos grandes estudos de Hollywood, aos que deu unha de cal e outra de area. A primeira, na frente: *Psycho*, ese *remake* que delataba a imposibilidade e inutilidade de facer calquera *remake*. A segunda, a súa película máis convencional até o momento, *Descubriendo a Forrester*, tamén a máis dócil, pero no fondo un cabalo de Troia que no seu propio discurso semellaba anunciar o que se encontraba á volta da esquina: Van Sant facía ouvidos xordos aos cantos de serea de Hollywood e apostaba polo prestixio artístico e non pola rendibilidade económica.

Nesa determinación subxace un enigma que algún día terá que descifrar, *Gerry* non é, nin moito menos, unha volta ás orixes, á comfortable independencia de *Mala noite* ou *Drugstore Cowboy*. Máis ben trátase dunha reinvención que se mira no espello de certo cinema europeo (Philippe Garrel, Chantal Akerman, Béla Tarr) e que ten moi claros cales son os seus precedentes dentro do cinema norteamericano (as paisaxes do *western*, o *underground* dos anos setenta, Monte Hellman, James Benning). A lenda di que foi Béla Tarr, unha das súas películas (*Satántángo?*, *As harmonías Werckmeister?*), as causantes da epifanía que levou a Van Sant a propoñerlle este insólito proxecto a dous amigos, Casey Affleck e Matt Damon, que era xa, naquela altura, unha estrela nacente. Todo pasaría daquela por unha inspiración no cinema de Tarr, nos seus longos *travellings* seguindo o camiñar dos seus personaxes.

A partir de aí, unha vez definida a forma, habería que atopar unha trama argumental que resultaría ser o froito dunha brincadeira entre amigos, unha *buddy movie* en todo o sentido da palabra. Dous amigos chegan até un remoto roteiro de sendeirismo que nun determinado intre deciden abandonar para fuxir dos turistas. A decisión remata demostrándose completamente insensata e levará a que se perdan sen remisión no deserto. Dous personaxes a camiñar no deserto, esa é a imaxe que proxecta *Gerry* e que Van Sant filma con todo luxo de detalles (e ao ritmo acompasado da música de Arvo Pärt). Estamos ante unha película que fai da paisaxe (os desertos de Salta en Arxentina, o Death Valley de California e os Bonneville Salt Flats de Utah) o seu principal protagonista. Esa parece ser a súa principal razón de ser: como filmar a figura humana no deserto.

A peripecia susténtase no absurdo (poderíase dicir que, no fondo, tamén todo o proxecto). Porque absurda é a premisa argumental ao igual que o seu desenvolvemento, que despreza calquera verosimilitude e enterra a progresión dramática. Si, como se ten dito en numerosas ocasións, estamos ante unha sorte de Samuel Beckett filmado por Béla Tarr, pero un Beckett pasado polo filtro da cultura. Pero *Gerry* non é en ningún caso un insulto ao público; é, pola contra, un filme que convén tomar moi en serio, sen descoidar o seu mordaz sentido do humor, a beleza dos seus encadres, a levedade que se transmuta en gravidade na súa sorprendente resolución.